

ANEXO II . CONVOCATORIA XERAL DO CURSO 2018-19 CONVOCATORIA CURSO EXTRAORDINARIO

A) ARTESANÍA EN COIRO

B) OURIVARÍA

De xeito excepcional, no curso 2018-19 prográmase un curso intensivo de un ano de duración (350 horas) coas características que se citan deseguido:

Duración: do 2 de outubro de 2018 ao 30 de xuño de 2019

Horario: martes e xoves de 16:00 a 21:00 horas

Nº máximo de participantes: 15

Requisitos de acceso:

Preinscrición:

- Igoal e cos mesmos prazos recollidos na convocatoria xeral do curso 2018-19 na EMAO.
- Deberá presentar, a maiores, currículum e documentación acreditativa da capacitación alegada en relación cos requisitos que se indican de seguido. Esta documentación presentárase, antes do remate do prazo de preinscrición, presencialmente na Oficina Administrativa da EMAO e se incorporará, se é o caso, á preinscrición online
- Non poderán acceder a este curso persoas que se matriculen na EMAO no curso 2018-19 en calquera das súas especialidades e niveis.

Selección de participantes:

Reunir as condicións de capacitación básica que se recollen nesta convocatoria para cada especialidade

Requisitos do curso extraordinario de **Ourivaría:**

- Dominar as técnicas básicas da Ourivaría para poder afrontar os exercicios que están previstos para este curso (aliar, fundir, recocer, soldar, elaboración dos distintos perfís, corte, conformado, limado, esmerilado e tratamentos de acabado, etc), estes coñecementos demostraranse mediante a presentación de Certificados coa cualificación de Apto/a ou Titulacións de Estudos relacionados coa Xoiaría ou a Ourivaría.
- Realizar e superar a Proba de nivel obrigatoria. Esta proba é obxectiva, consta dun cuestionario e unha proba práctica co seu correspondente baremo; segundo o traballo feito, os alumnos obterán unha nota de 0 a 10 que os situará nunha posición no listado final; entraran en primeiro lugar as 15 mellores notas; non serán admitidas as persoas que non superen unha nota de 3,5.

Requisitos do curso extraordinario de **Artesanía en Coiro:**

- Ter coñecementos previos demostrables coas correspondentes certificacións, teóricos e prácticos sobre costura con fío e tireta, repuxado, deseño de patróns, tipos de coiro e manexo de ferramenta.
- Realizar e superar a Proba de nivel obrigatoria. Esta proba é obxectiva, consta dun cuestionario e unha proba práctica co seu correspondente baremo; segundo o traballo feito, os alumnos obterán unha nota de 0 a 10 que os situará nunha posición no listado final; entraran en primeiro lugar as 15 mellores notas; non serán admitidas as persoas que non superen unha nota de 3,5.

Programa dos cursos:

Ourivaría

Obxectivo:

Ampliación de coñecementos en Deseño, Técnicas de volume (forxa, cicelado e repuxado) e Técnicas complementarias decorativas (esmalte e engaste).

Estas son técnicas e procedementos de moito contido teórico, incluídas no programa da especialidade pero axustadas á temporización do curso ordinario.

Durante o curso explicamos todos os procedementos pero non podemos levar a práctica todos os procesos destas técnicas, de todos eles escollen o que lles vai mellor ao deseño da peza que teñen que realizar, así que sería unha boa oportunidade ampliar a práctica destas técnicas laboriosas e complementarias.

Contidos

- Deseño
 - Bosquexos e croquis de deseños propios axustados aos exercicios a desenrolar.
 - Fichas Técnicas de pesos, medidas, desenrolos técnicos, custes, técnicas, etc.
- Engaste
 - Xemoloxía Básica (Materiais Naturais e Produtos Artificiais, Propiedades e Tipos de tallas)
 - Ferramentas para o engaste, elementos de suxeición e soportes.
 - Construción e aplicación dos distintos engastes a deseños propios
 - Engaste en bisel e chatón.
 - Engaste en garras.
 - Engaste en carril.
 - Engaste por tensión.
 - Engaste en grans
 - Engastes de fantasía
 - Seguridade, limpeza e prevención
- Esmalte
 - Materiais e ferramentas
 - Materiais específicos e auxiliares
 - Cocción en forno e con soprete
 - Metais para esmaltar
 - Os esmaltes
 - Características e comportamento.
 - Tipos de Esmalte (Transparentes, Opacos, Ópalos e Vitrificables)
 - Preparación e limpeza
 - Modos de aplicación
 - Técnicas de esmaltado
 - Esmalte pintado
 - Técnica de Basse-Taille o Bajo releve
 - Técnica de Champlevé o Escavado
 - Técnica de Cloisonné o Tabicado
 - Técnica de Plique-à-jour o Vitral
 - Outros procedementos
 - Seguridade, limpeza e prevención
- Técnicas de transformación e construción de volúmenes
 - Forxa básica e forxa con pregos
 - Cicelado e Repuxado
 - Materiais e ferramentas específicos (brea, ciceis, martelos)
 - Metais para cicelar, características e grosos
 - Técnicas e aplicacións
 - Seguridade, limpeza e prevención

Temporalización

Os contidos do curso dividiránse por trimestres.



A parte de deseño formará parte de todo o curso, proporanse distintos exercicios nos que aplicar as técnicas a realizar o deseño será libre e terán de deseñar e desenrolar as ideas mediante o debuxo e así rexistrar todo na ficha técnica da peza.

- 1º Trimestre. O Engaste, aplicacións, procedementos e técnicas.
- 2º Trimestre. O Esmalte, aplicacións, procedementos e técnicas.
- 3º Trimestre. Forxa, Cichelado e Repuxado.

Avaliación

A avaliación farase coa valoración dos traballos obrigatorios, do trato e convivencia na aula, da actitude e do aprendizaxe.

O resultado da avaliación será a cualificación de Apto ou non Apto

Materiais e ferramentas

Os alumnos deberán aportar un kit básico para uso propio de ferramentas e consumíbeis (segueta e fíos de serra, brocas e fresas, alicates, limas e limatóns, lixas, lápiz, pinceis ...), tamén corre da súa parte o metal para traballar (cobre e prata), e tamén deben traer sistemas de protección individuais (mandil ou bata, máscara FFP2, gafas de plástico para a protección ocular, luvas se fosen necesarias). Ao comezar o curso explicarase como está planificado e aquilo que precisan para cada trimestre, e onde pode conseguilo se non o teñen.

ARTESANÍA EN COIRO

Contidos

1. Deseño propio dos patróns das pezas a elaborar.

2. Técnicas construtivas de Volume:

- Moldeado e conformado.

Elaboración dos propios moldes. Selección de materiais axeitados ao volume. Endurecedores. Acabado e protección das pezas.

- Moldeado con area quente e area fría con calor.

Desenvolvemento do patrón previo e ao corte. Secado ao aire e en "Pedra quente". Lixado, pulido e bruñido.

- Modelado e endurecidos.

Fabricación de modeladores. Ferramentas de secado.

3. Técnicas decorativas de Volume

- Embossing.

Selección de materiais para recheo. Tallado do molde. Selección de adhesivos. Pulido e bruñido.

- Pulido por capas, apilado, ondulado e espiral.

- Po de Coiro

Probas e elaboración de pezas nos tres estados do po. Probas de mestura. Traballos en molde e ao aire.



Temporalización

1º trimestre. Técnicas decorativas.

2º trimestre. Moldeado e conformado, Modelado e endurecidos.

3º trimestre. Moldeado con area e Peza final.

Material

Materiais funxibles a aportar polo alumno.

O resto do material, ferramenta e maquinaria que se é o caso fose necesaria, será aportado pola EMAO.

Avaliación

A avaliación farase valorando todas as pezas incluídas no programa, a actitude na aula e no traballo, e a elaboración da peza final.

O curso será cualificado con Apto ou non Apto.